# MERGULLADOR:

## O buscador de información de Bibliosaúde

## Guía de uso





Elaborado por: Carmen Rodríguez Otero. Data de creación: Abril de 2020


<u>Cómo citar este documento:</u>

Rodríguez Otero C. Mergullador: o buscador de información de Bibliosaúde. Guía de uso. Bibliosaúde, 2020. [Data de consulta]. Disponible en:

# Sumario

Que é Mergullador?....3
Como acceder á plataforma?....4
Como se organiza Mergullador?....8
Recursos electrónicos de Bibliosaúde....10
Buscar revistas-e ....11
Localizador de artigos....14
Descubridor....15
Buscar en Mergullador....16
Busca sencilla....16
Busca avanzada....21
Resultados....24
Xestionar los resultados....30
Opcións de personalización: o meu perfil....33
Buscas Gardadas....34
Marcadores ou Favoritos....35
Alertas a Sumarios....36
Favoritos dos Recursos da Biblioteca....37

## Que é Mergullador?

Mergullador é o buscador de información de Bibliosaúde, reúne nunha soa ferramenta múltiples recursos de información agrupados en distintas seccións, entre elas:

- **Descubridor,** inclúe unha serie de recursos gratuítos e de subscrición nos que os usuarios de Bibliosaúde poden realizar as procuras
- **Libros electrónicos,** inclúe a colección de libros-e de Bibliosaúde
- **Revistas electrónicas,** inclúe a colección de revistas-e de Bibliosaúde

Mergullador permite buscar de forma simultánea en todos os recursos a través dunha única consulta básica ou avanzada, seguindo o modelo de Google.

Ademais dá acceso aos servizos de Bibliosaúde integrando:

- o acceso ao **texto completo**
- **solicitude do documento** no caso de que non estea dispoñible o texto completo
- consulta de **recursos seleccionados** gratuítos ou subscritos pola biblioteca como Tripdatabase, UpToDate, Dynamed, etc
- **contacto coa biblioteca**
- información sobre o **factor de impacto** das revistas
- información sobre **dereitos de copyright**

Mergullador dispón dunha **área restrinxida** para os usuarios do Sistema Público Sanitario de Galicia que se rexistren ou identifiquen. É un espazo personalizable onde se poderán establecer as preferencias nas sesións de Mergullador: configurar alertas das consultas realizadas ou gardar as procuras e os resultados das mesmas.

A información gardada neste espazo manterase almacenada unha vez finalizada a sesión e estará accesible cada vez que o usuario acceda a Mergullador coas claves coas que se rexistrou,

independentemente do computador desde o que se conecte.

## Como acceder á plataforma?

El acceso a Mergullador pode ser:

- ✗ desde un computador conectado a unha IP incluída dentro do rango de IPs do Sergas
- ✗ acceso remoto, fóra das Ips do Sergas:
  - **accedendo sen identificación**, (sen iniciar sesión), pódense utilizar as opcións de procura libremente sen ter que iniciar sesión, obter información sobre o texto completo ou exportar e enviar por correo-e os resultados. Con todo non se poderán gardar procuras, gardar artigos ou recibir alertas sen crear unha conta.
- ✗ **Rexistro.** Para poder gozar das opcións de personalización (gardar procuras, gardar artigos, recibir alertas...) é necesario rexistrarse previamente, e para iso temos que:
  - Facer clic en **"Iniciar sesión"** na esquina superior dereita da pantalla



- ✗ Neste primeiro momento será necesario introducir as **claves do Sergas**




- ✗ Na páxina que se abrirá a continuación poderase continuar o proceso pulsando en **"Rexístrese"** (na parte superior dereita da páxina)




- ✗ A primeira vez é necesario cubrir un pequeno **formulario** no que se elixirá o **correo-e** e o **contrasinal** coa que se iniciará sesión no futuro.



Crear una cuenta

Nombre : Carmen

Apellido: Rodríguez

Correo electrónico: carmen.rodriguez.otero@sergas.es

Contraseña: Mergullador@2020

Utilice 8 ó más caracteres combinando letras, números y símbolos

Confirmar Contraseña: **********

Regístrese

**Privacidad**

Queremos hacerle saber que OvidDS creado por Ovid para **Consellería de Sanidade - SERGAS** reconoce la importancia de su privacidad, por lo que le comunicamos que:

- **Almacenamos la mínima Información posible** .
- **NO vendemos su Información o la pasamos** a terceros.
- **NO le enviamos correos no solicitados**.
- Somos compatibles con los últimos estándares de **salvaguardia de información**.
- **Eliminamos su información tras 1 año** de inactividad.

Por favor, échele un vistazo a nuestra Política de Privacidad para más información.

O contrasinal é unha combinación de 8 ó máis caracteres combinando letras números e símbolos, ás veces dá erro se non facemos unha combinación correcta, un exemplo de contrasinal podería ser: Mergullador@2020, desta forma inclúese unha maiúscula, un símbolo e números.

Unha vez cuberto o formulario enviarase unha mensaxe á dirección de correo-e que facilitamos para confirmar a conta, e xa se poderá **"Iniciar sesión"** co correo-e e o contrasinal escollidos.







Se desexa que a plataforma recoñeza o seu computador, portátil, móbil, tableta ou dispositivo de acceso para poder acceder directamente e iniciar sesión automaticamente no futuro, marque a casa **“Lembrarme”.** Para iniciar sesión, ingrese o seu nome de usuario e contrasinal, e faga clic en **“Iniciar Sesión”**. Sempre poderá recuperar os datos da súa conta pulsando en **“Esqueceu os datos da súa conta?”**

Unha vez iniciada a sesión coas súas credenciais o sistema indicará o seu nome na esquina superior dereita.



**Finalizar sesión**

Para pechar a sesión da súa conta, basta con facer clic en **"Saír"** na esquina superior dereita de calquera pantalla.

Se está a acceder á plataforma desde unha dirección IP recoñecida, volverá á pantalla de procura, en caso contrario, volverá á pantalla de inicio de sesión.

## Como se organiza a plataforma de Mergullador?

Mergullador organízase nas seguinte seccións:

1. **O Descubridor.** Inclúe unha serie de recursos de gratuítos e de subscrición nos que os usuarios de Bibliosaúde poden realizar as procuras
2. **Ligazóns** á páxina de **Bibliosaúde** e aos **formularios** e seccións da mesma, onde se poden solicitar artigos, procuras bibliográficas, contactar coas bibliotecas de referencia. Tamén se enlaza desde aquí a funcionalidades avanzadas da plataforma como a **procura PICO** ou as **procuras Expertas de OVID.**
3. **Procuras gardadas, favoritos** e artigos máis consultados en Sergas, esta *información só está visible se a sesión está iniciada.*
4. **Selección de revistas** e **libros** populares
5. **Recursos electrónicos** da biblioteca, buscador recursos subscritos pola biblioteca: revistas, libros ou bases de datos
6. Localizador de artigos, permite buscar un artigo ou un capítulo de libro a partir de información como o DOI, PMID ou cos datos de autor, título, editor, etc. NON é un buscador, busca un documento en particular, non permite realizar unha procura por tema.
7. **Selección de ligazóns** a recursos destacados ben sexa gratuítos ou subscritos pola biblioteca.
8. **Sección de Twitter** de Bibliosaúde, onde aparecen publicados as mensaxes publicadas na conta de Twitter de Bibliosaúde.


mergullador
XUNTA DE GALICIA
SERVIZO GALEGO de SAÚDE
1
2
3
4
5
6
7
8
Bibliosaúde
BUSCA PICO
Recursos de información
Recursos CORONAVIRUS #AxudaBiblioteca
SOPHOS
BICO
PubMed
UpToDate
DynaMed
Fisterra
Dialnet
visualDx
CUIDEN
IMAIOS

**Recursos electrónicos da biblioteca: Revistas-e e libros-e**

Buscador de recursos subscritos pola biblioteca, organízase en 3 seccións: unha para buscar revistas, outra para buscar libros e outra para buscar bases de datos.




A forma de procura é similar nos 3, a continuación explicarase como buscar revistas e esta sistemática pódese aplicar aos libros e bases de datos.

**Buscar revistas-e**

Esta sección comprende máis de 6500 revistas tanto gratuítas como de subscrición ás que se pode acceder a través dunha lista AZ e un buscador.




Pódese iniciar a consulta navegando pola lista AZ, buscando todas as revistas que comecen por unha letra ou utilizar as opcións de “Buscar por campo” ou “Procura por especialidade”

<u>Buscar por especialidade.</u> Os recursos electrónicos (revistas e libros) organízanse por especialidades ou temas, para localizar estes recursos é necesario ir abrindo os distintos despregables para localizar a especialidade ou tema do que se quere localizar a revista ou libro.




<u>Buscar por campo.</u> Para realizar unha procura con esta opción basta con escribir o nome da revista que queremos consultar na caixa de procura e pulsar o botón buscar. Pero tamén é posible facer unha procura máis complexa utilizando a opción "procura avanzada" onde se pode elixir o campo no que se quere buscar (Título, ISSN, Editor ou plataforma/distribuidor que a comercializa) e pódense combinar varios campos.

No seguinte exemplo búscase a revista **Lancet,** se se busca no campo título, o sistema devolverá todos os resultados de revistas cuxo título inclúa a palabra Lancet.




A información dispoñible para cada revista recuperada é a seguinte:



(1) O ***título*** da revista desde o que se enlaza coa páxina web da revista,

(2) A ***editorial*** da revista e ***datos de cobertura***

(3) A ***plataforma*** a través da que se pode acceder ao texto completo e as ***datas*** desde as que está ***dispoñible***, no exemplo anterior accédese pulsando sobre *ScienceDirect* e está dispoñible a texto completo desde 1823

(4) Os datos de **ISSN** electrónico e impreso

(5) ***Distintas opcións de procura:*** na propia revista ou noutros recursos como UptoDate, Google ou PubMed

Se se iniciou sesión, ofrécese a posibilidade de **Activar alertas** e gardar esa revista en **Favoritos** no espazo personalizado da plataforma. (Este espazo explícase con máis detalle máis adiante).




**Localizador de artigos**

O localizador de artigos é un buscador de artigos con datos precisos.

Non está deseñado para cando se están buscando moitos artigos sobre un tema determinado, senón para cando se necesita un artigo específico e disponse de suficiente información para axudar a localizalo con precisión. É especialmente eficiente cando dispoñemos do ***PMID*** ou do ***DOI.***




## O Descubridor




O Descubridor é a páxina principal da plataforma, onde se ofrece a posibilidade de buscar artigos, libros, etc en todo o contido indexado da plataforma.

Permite buscar artigos de revistas, capítulos de libros, teses doutorais e outros tipos de contido dispoñibles a través de OvidDiscovery, ademais doutro contido proporcionado pola súa institución.

## Buscar en Mergullador

La sección de procura está composta por:

1. A ***caixa de procura*** onde se introducirán os termos para buscar
2. O botón de ***buscar***
3. O botón de ***procura avanzada***
4. ***Opcións de personalización:*** Procuras gardadas e Marcadores (ou Favoritos)




### Búsqueda sencilla

Para realizar una búsqueda simple usando la configuración predeterminada, ingrese su término de búsqueda en el cuadro de texto en el centro de la pantalla y haga clic en la lupa a la derecha *(botón buscar)*

Mergullador busca todas las palabras que se han escrito a menos que se especifique **OR** o **NOT** entre las palabras o frases. Si escribimos más de una palabra el sistema utiliza el operador **AND** por defecto. Por ejemplo al escribir *diabetes mellitus,* el buscador unirá ambos términos con AND *(diabetes AND mellitus)* y buscará las documentos que contengan ambas palabras.



Ao pulsar no **botón de procura** abrirase unha nova xanela coa páxina de **resultados de procura** onde se mostrarán aqueles artigos, libros, revistas, que inclúan as palabras incluídas na caixa de procura.

Podemos utilizar calquera **idioma** para realizar procuras en Mergullador, pero a lingua dos resultados dependerá do idioma das fontes de información que se consulten.

Unha vez lanzouse a procura e aparecen os resultados, a aparencia e o menú da caixa de procura cambia e aparecerán **opcións de personalización** para:

(1) configurar a procura que permite seleccionar o **número de resultados** que se verán por páxina (entre 20 e 100)

(2) **Favoritos**, pulsando nesta opción pódese consultar os resultados que se engadiron a Favoritos pulsando en ***"Engadir a favoritos"*** á beira de cada rexistro ou facendo clic na icona de estrela á beira de cada rexistro.

(3) **gardar as procuras,** pulsando a icona estrela á beira do botón de procura se garda no espazo persoal do usuario a procura que se estea executando.

(4) **procuras gardadas**, facendo clic nesta ligazón pódense consultar as procuras que se gardaron (esta opción non aparece se non hai procuras gardadas)




<u>NOTA: As opcións de personalización esixen que se iniciara sesión.</u>

### Buscar unha frase

Pódese buscar unha frase escribíndoa **entre comiñas**. Pódense combinar palabras e frases na procura. Por exemplo, para buscar *cardiac insufficiency* como un só termo, escribiremos *"cardiac insufficiency"* na caixa de procura.

**Buscar por cualquera palabra ou frase especifica**

Escribindo directamente as palabras ou frases na caixa de procura o sistema recupera rexistros que conteñan todas as palabras ou frases que se escribiron. Por exemplo *colorectal cancer therapy* buscará os rexistros que conteñan as palabras colorectal cancer therapy. É equivalente a buscar *colorectal AND cancer AND therapy*.




Pódense buscar rexistros que **conteñan polo menos una das palabras ou frases** que se escribiron na caixa de procura, **engadindo o operador OR entre as palabras ou frases.** Por exemplo, para buscar rexistros coa palabra *neoplasm* ou rexistros coa palabra *cancer*, escribiremos *neoplasm OR cancer* na caixa de procura:




<u>NOTA:</u> Podemos utilizar o operador OR para realizar procuras máis exhaustivas combinando as palabras ou frases a buscar en <u>varios idiomas</u>. Por exemplo: *"enfermidade pulmonar obstructiva crónica"* OR *"chronic obstructive pulmonary disease"* OR EPOC OR COPD recuperará documentos sobre EPOC en inglés e en español.

### Excluír palabras ou frases

Pódense **excluír rexistros que conteñan unha palabra ou frase específica**, escribindo o operador **NOT** e a continuación a palabra ou frase a excluír.

Por exemplo, para buscar *tuberculosis no pulmonar*, escribiremos o seguinte na caixa de procura *tuberculosis NOT pulmonar.*




## Agrupar termos

Pódense **utilizar parénteses** para agrupar termos nunha procura e crear estratexias. Por exemplo: *tuberculosis ( therapy OR treatment)*



**Búsqueda avanzada**

Mergullador dispón dunha opción de procura avanzada, para executala selecciónase a opción **“Búsqueda Avanzada”** e debaixo do botón **buscar** aparecerán as distintas opcións de procura.
Desde o formulario de procura avanzada pódense utilizar as ferramentas de procura explicadas na sección anterior: operadores, comiñas, parénteses, etc. Ademais a búsqueda avanzada inclúe:

1. **Cadros de texto** nos que se introducirán os termos para buscar
2. **Recursos** nos que se realizarán as procuras
3. **Outras opcións:** texto completo, revisión por pares, subscricións






Á beira do cadro de texto no cal se introducirán os termos para buscar; utilizando o menú despregable da esquerda pódese seleccionar o campo no que buscar os termos para concretar a procura.

Pódense combinar tantos termos como sexa necesario para concretar e elaborar a procura, para realizar a combinación de termos, utilizaranse os Operadores Booleanos **AND, OR, NOT** do menú despregable da esquerda.




- **AND** indica que deben aparecer os termos de procura na seguinte fila ademais dos da fila actual.
- **OR** indica que os termos da fila seguinte poden substituír aos que aparecen na fila actual.
- **NOT** indica que os termos de procura na seguinte fila non deben aparecer no resultado da procura.

A última fila, dado que non ten unha fila que a  sigua, non ten un menú despregable; no seu lugar, contén o símbolo **+** que se pode utilizar para agregar unha fila adicional. Cando hai máis de dúas filas, todas as filas excepto a última, ofrecen o símbolo **X** para eliminar esa fila.

A combinación de termos dos distintos cadros de texto aparece reflectida na liña superior **"vista previa"**




Na procura anterior buscaranse artigos sobre o tratamento con  corticoides  do  *COVID-19*, nos que o termo  *covid-19* e as súas variantes aparecerán o título e *corticoides* ou variantes no  campo descriptores.

A procura anterior poderase realizar en todos os recursos ou se poderán desactivar aqueles recursos nos que non interese buscar (2), ademais poderase escoller outras opcións (3) como centrar a procura en revistas subscritas pola biblioteca, documentos a texto completo ou que recupere só documentos de texto completo dispoñible.

## Resultados

A pantalla **Resultados de búsqueda** componse das seguintes seccións:




(1) A sección da esquerda da pantalla contén **opcións para filtrar** os resultados de procura

(2) A sección central contén os **resultados** da procura

(3) Cando a procura recupera resultados en **UpToDate**, estes aparecerán á dereita da pantalla. Debido ás características da plataforma UpToDate, non aparecen resultados en procuras complexas con combinacións de operadores booleanos

(4) Se a procura devolve resultados en **PubMed** estes aparecerán tamén á dereita, así como resultados doutros recursos como **DynaMed, Tripdatabase ou VisualDX**

A posición dos resultados (3) e (4) de UpToDate, PubMed, Tripdatabase, etc. pode variar en función da configuración da pantalla do seu computador.

Como nas demais pantallas da plataforma, a esquina superior dereita contén ligazóns para **iniciar sesión, saír** (pechar sesión) e **rexistrarse**

A pantalla de resultados mostra todos os rexistros que cumpren os criterios da procura. Para cada rexistro móstrase a seguinte información:

- **Icona indicativa do Tipo de documento**: artigo, libro, revista, etc.
- **Título:** pulsando sobre o título indícase se é posible *acceder ao texto completo* ou non
- **Autor:** fonte orixinal do documento e data: indica os autores do documento, o título da revista e data
- **Icona de estrela:** permite seleccionar o rexistro para engadilo á sección Favoritos do noso espazo persoal en Mergullador (*O meu Perfil*).
- **Dispoñibilidade:** Se se pode ver o texto completo aparecerá a icona de **PDF**, que indica que podemos acceder de inmediato ao texto completo, en caso contrario aparecerá a frase *"Comprobe dispoñibilidade"*
- **Factor de impacto:** Se a revista ten Factor de Impacto en Journal Citation Report, aparecerá o texto *"Journal Citation Report"* (en caso de estar fóra das IPs do Sergas, é necesario ter aberta a sesión de JCR ou *Web of Science* para ver esta información).
- **Casa de verificación** para seleccionar o resultados fin de envialos por correo-e ou exportalos
- Un extracto do **resumo**



Para **ampliar a información** sobre un rexistro basta con facer clic sobre o **título do documento** deste xeito abrirase unha xanela nova coa información detallada do rexistro, mostrarase:

- Os detalles de **publicación do artigo**: autores, ISSN, número, volume, páxinas, editor, etc
- **Opcións de texto completo**. Se o rexistro está dispoñible en máis dun sitio mostrarase unha listaxe con todas as ligazóns dispoñibles para escoller onde se quere ver o texto completo.
- **Servizos adicionais.** Mostra ligazóns e servizos adicionais que ofrece Bibliosaúde, dependendo de cada rexistro pódese:
  - solicitar o texto completo do documento a través do formulario **"Solicitude de artigos"**
  - facer **consultas** aos profesionais de **Bibliosaúde**
  - **exportar** a referencia bibliográfica a un xestor bibliográfico ou en formatos como Word, PDF ou Excel,
  - permítenos elaborar unha **referencia bibliográfica** no formato que necesitemos (AMA, APA, Chicago, Harvard, MLA, Vancouver), para citala nos nosos informes, presentacións de PowerPoint, etc
  - **buscar** o título do documento **noutras plataformas** como o catálogo de Bibliosaúde ( BICO), Google Scholar, UpToDate, PubMed
  - Consultar os dereitos de copyright en Sherpa/Romeo ou en Dulcinea




**Restrinxir os resultados dunha busca**

Unha vez vistos os resultados da procura, Mergullador permite restrinxir eses resultados por diferentes criterios. Para restrinxir ou filtrar os resultados utilízanse as opcións que aparecen na **columna esquerda da pantalla de resultados**, basta con seleccionar un valor dentro dunha categoría para ver os rexistros que cumpren co criterio seleccionado




Deste xeito permitiranos:

- **Ordenar** por relevancia ou por data
- Mostrar só documentos que teñan o texto completo dispoñibles
- Mostrar só resultados que pasasen unha revisión pares
- Mostrar só documentos de subscricións activas de Bibliosaúde
- <u>Filtrar por:</u>
    - **Tipo de recurso:** artigo, preprint, texto, dataset…
    - **Fonte:** a base de datos da que se recuperou o recurso: índice de Ovid, Ovid MEDLINE, Embase
    - **Descriptores:** descriptores ou palabras chave que definan o contido do documento
    - **Editor:** editor do recurso pode ser un editor comercial ( Elsevier, Springer, BMJ…) organismos oficiais ou repositorios como Zenodo ou Figshare

- ◦ **Idioma(s)**
- ◦ **Nome da publicación:** título da revista ou libro que contén o documento
- ◦ **Data:** permite concretar os documentos por data de publicación desde o mes pasado, os últimos 6 meses, por ano ou establecer un rango personalizado
- **RSS:** se temos un lector RSS utilizaremos esta opción para suscribirrnos e obter os novos resultados da procura

Para establecer o filtro basta con facer clic sobre o filtro que queremos establecer, dese modo agrégase ese filtro á procura orixinal e a pantalla de resultados da procura actualizarase co novo conxunto de resultados.
Encima da caixa de procura aparecerá unha icona co nome do filtro ou filtros aplicados.




Ao facer clic na **X** do filtro, este eliminarase. Se era o único filtro, mostrarase a procura orixinal; se hai outros filtros, executarase unha nova procura usando só eses filtros.

Algunhas categorías, como **Data**, só permiten unha selección (porque un artigo non se pode publicar en máis dun ano). Outros, como o **Tipo de recurso**, permanecen dispoñibles para unha maior selección, xa que un só elemento pode pertencer a máis dunha categoría (como ser un Estudo de Revisión e un Estudo Comparativo).

**Xestionar os resultados**

Sobre os resultados de procura hai un pequeno banner con varias opcións (algunhas destas opcións só estarán dispoñibles para usuarios que iniciaron sesión e están rexistrados):




A casa de verificación permitiranos seleccionar **TODOS** os resultados que vemos na páxina, no caso do exemplo, se non desexamos exportalos todos, tamén podemos ir seleccionando **un a un** facendo clic nas casas de verificación que hai á esquerda de cada rexistro



O **botón exportar** abre unha pequena xanela con todas as opcións de exportación dispoñibles, basta con seleccionar o formato no que se desexa recibilos e pulsar en ***Exportar***. Descargarase un arquivo coa información solicitada (este arquivo gardarase no cartafol do noso computador que teñamos configurada, normalmente, se non indicamos outra, gardarase no cartafol *Descargas*)



O botón **correo electrónico** permite enviar os resultados seleccionados por correo electrónico, pódese enviar a máis dun destinatario, engadir un asunto e enviar unha mensaxe



## Opcións de personalización: O meu perfil

Mergullador conta con opcións de personalización con información relacionada cun usuario individual, é a sección **O meu Perfil**, á que só se pode acceder se se está conectado.




Ao **“Iniciar Sesión”**, aparecerá na esquina superior dereita da pantalla a opción **“O meu Perfil”**, ao facer clic nesa opción abrirase un menú no que aparecen os datos persoais de configuración da conta que poderá ser editado para cambiar correo-e, contrasinal, nome, etc e ademais aparecen as opcións para personalizar o descubridor: **Os meus favoritos, As miñas buscas gardadas** e as de personalización de recursos electrónicos: **Os meus favoritos, As miñas alertas a sumarios**






**Buscas Gardadas**

Pódese acceder a procuras gardadas desde a sección **O meu Perfil > Discover > As miñas buscas gardadas** ou desde o ligazón **"Buscas gardadas"** debaixo da caixa de procura.







Ao abrir o cadro de diálogo de *Buscas gardadas* pódese configurar a periodicidade coa que se quere recibir unha alerta cos novos resultados que cumpran cos criterios desa procura gardada. Recibiranse na conta de correo-e introducida ao facer o rexistro e que figura na pantalla de **"Detalles persoais".**

Cada procura gardada consta de:

(1) Unha ligazón aos resultados da procura"

(2) Un menú despregable que permite elixir a frecuencia da alerta: diaria, semanal, mensual ou ningunha

(3) Unha "X" que ao pulsala elimina a procura



**Marcadores ou Favoritos**

Pódese acceder a *Marcadores ou Favoritos* desde a sección **O meu Perfil > Discover > Os meus favoritos** ou desde a ligazón **"Marcadores"** debaixo da caixa de procura.
Desde aquí accédese aos artigos que se gardaron de entre todos os resultados obtidos.







Cada marcador contén:

(1) o **título do artigo** seleccionado, pulsando no mesmo mostrarase a información completa do artigo
(2) **información adicional** sobre o artigo, autor, revista, ano de publicación, extracto do resumo
(3) unha **ligazón para ver o texto completo**, se o texto completo está dispoñible aparecerá unha icona de pdf
(4) **opcións de exportación,** seleccionando os artigos activarase o botón exportar para exportalos ao formato que necesitemos (pdf, word, xestor bibliográfico, etc)
(5) envío por **correo electrónico**, do mesmo xeito que na opción anterior é necesario seleccionar os artigos de interese para poder envialos por correo.
(6) botón **eliminar,** co que os rexistros se poderán eliminar unha vez seleccionados.
(7) a posibilidade de **organizar** os resultados en **cartafoles**. Despois de seleccionalos poderanse crear cartafoles e subcarpetas e enviar os artigos ás mesmas.




## Alertas a Sumarios

Pódese acceder a unha lista de alertas aos sumarios de revistas desde a sección **O meu Perfil** > **Recursos electrónicos da Biblioteca > As miñas alertas a Sumarios**




Esta sección proporciona unha lista das alertas que se subscribiron desde a pantalla de resultados de procura de recursos electrónicos da Biblioteca. En cada alerta aparece o nome do recurso, o ISSN e o editor.




Para darse de baixa deste servizo basta con pulsar na "X" do rexistro que se desexe.

**Favoritos dos Recursos da Biblioteca**

Pódese acceder á relación de recursos que se marcou previamente desde a sección **O meu Perfil > Recursos electrónicos da Biblioteca > Favoritos**




Se se marcou un elemento (revista, libro, base de datos) como favorito na sección *Recursos electrónicos da Biblioteca* gardarase en Favoritos. Pódese utilizar esta sección para ter *"máis a man"* os recursos máis utilizados, sen ter que buscalo cada vez que se necesite consultar.

Cada Marcador contén o **título do elemento marcado**, unha **ligazón** á información do elemento na lista A- Z á que pertence (libro, revista ou base de datos).

Esta sección permite cambiar o título do elemento, pulsando na icona do lapis (editar). Tamén é posible cambiar a orde dos elementos en usando a icona das frechas e arrastrándoo ao lugar desexado. Para eliminar un favorito basta con facer clic no signo **X**




Os nomes dos elementos marcados, así como a orde no que se mostran aparecerán reflectidos na páxina de inicio como parte de Recursos favoritos, sempre que se tivera iniciado sesión.

